

**ACTA Nº 2019/06**  
**SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, sábado 4 de maio de 2019 -**

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario-Interventor, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN:**

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

**AUSENCIAS:**

CRISTINA CALVO TUIMIL

**SECRETARIO:**

MIGUEL A. ARROYO MORENO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: ORDINARIA DE DATA 2 DE MARZO DE 2019 E EXTRAORDINARIAS DE DATA 1 E 29 DE ABRIL DE 2019.**

Ao non haber ningunha observación, o presidente declara aprobadas por unanimidade as actas das sesións ordinarias de data 2 de marzo de 2019 e extraordinarias de datas 1 e 29 de abril de 2019.

**SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O NÚMERO 098/2019 ATA O NÚMERO 161/2019.**

O Pleno dáse por enterado.

**TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.**

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa competente do Concello:

*“A entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece para as administracións importantes novidades no relativo á tramitación de expedientes de contratación, supoñendo unha importante carga de traballo administrativo para cumprir cos requirimentos establecidos legalmente.*

*O feito de que a normativa de contratación fose elaborada sen ter en conta a diversidade de tipos de administracións públicas e establecera un procedemento de máximos aplicable por igual a calquera delas, sen existir diferenciación na tramitación contractual en función da dimensión de cada administración; supón que as entidades locais máis pequenas ou con un cadro de persoal máis reducido se atopan con dificultades importantes á hora de tramitar e licitar os expedientes de contratación.*

*O Concello de San Sadurniño conta con un departamento de administración xeral composto na actualidade por catro persoas, tres delas do grupo C1. Esta situación fai que a tramitación no ámbito da contratación pública sexa moito máis custosa en termos de traballo, tendo, en consecuencia a especial dedicación do persoal a esta materia pode dificultar un correcto funcionamento noutros ámbitos.*

*As diferentes agrupacións de municipios, conscientes da situación na que se atopan as administracións locais, poñen a disposición destas ferramentas para facilitar estas cuestións, tendo incrementado e mellorado a existencia de centrais de contratación coas que se pretende mellorar a eficiencia das administracións locais na contratación de bens e servizos, especialmente aqueles que son susceptibles de ser utilizados con carácter xeral polas entidades locais.*

*En concreto a Central de Contratación da FEMP pon a disposición das entidades locais asociadas unha serie de acordos marco que facilitan a contratación e que, a priori, melloran as condicións das ofertas obtidas; ademais de contar con servizo de información e asesoramento á hora de tramitar ao abeiro de ditos acordos marco.*

*Consta no expediente informe favorable da secretaría-intervención municipal e considérase, polo tanto, que este instrumento pode ser positivo para o Concello de San Sadurniño tendo en conta que, en todo caso, a adhesión á Central de Contratación da FEMP non crea obriga de efectuar todas as contratación a través da mesma e non ten custo económico para o concello.*

*Á vista do anteriormente exposto, e en base ás atribucións que me confire a lexislación vixente,*  
**PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar a adhesión do Concello de San Sadurniño á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a todos os efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Delegar na Alcaldía/Presidencia desta Corporación o resto das resolucións que sexan preciso adoptar para a efectividade da adhesión á citada Central.

**TERCEIRO.-** Comunicar este acordo aos servizos municipais competentes para que procedan a realizar os trámites oportunos para facer efectivo o mesmo."

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz municipal do BNG, Xesús Soto, que detalla os aspectos máis relevantes da proposta, incidindo sobre todo en que se favorecerá a contratación dalgúns servizos que presentan especiais dificultades para os concellos pequenos, como o subministro de enerxía eléctrica, mediante acordos marco ós que os concellos poden adherirse.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta o seu acordo coa proposta, o mesmo que o portavoz do PP.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación ordinaria, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

#### **CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO/A NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.**

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa competente do Concello:

##### **"ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** En data 20 de febreiro de 2019 iniciouse expediente para a provisión dos postos de xuíz/a de paz titular e substituta/o no Concello de San Sadurniño.

**SEGUNDO.** Con data 21 de febreiro de 2019 remitiuse ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao Xulgado Decano de Ferrol e ao Boletín Oficial da Provincia anuncio deste Concello, polo que se abre período de presentación de instancias para cubrir os cargos de Xuíz/a de Paz, titular e substituto nesta localidade. Dito anuncio publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 40 de data 26 de febreiro de 2019, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz desde o 26 de febreiro ao 21 de marzo de 2019.

Así mesmo, estivo a disposición dos interesados na páxina web do Concello de San Sadurniño [dirección <https://sansadurnino.gal>].

**TERCEIRO.-** Con data 21 de marzo de 2019 finalizou o prazo de presentación de solicitudes, constando as seguintes:

NÚMERO	DATA DE REXISTRO	NÚMERO DE REXISTRO	PERSONA SOLICITANTE	POSTO SOLICITADO	
				TITULAR	SUPLENTE

1	27/02/2019	327	María Yolanda Cives Negreira	X	X
2	27/02/2019	330	Patricia Couce de Paz	X	
3	27/02/2019	331	Tania Couce de Paz		X
4	28/02/2019	332	Francisco Rodríguez Sixto	X	X
5	28/02/2019	16 (sede electrónica)	Josefina Couce Couce	X	X
6	28/02/2019	17 e 18 (sede electrónica)	Alejandro Criado Casal	X	X
7	08/03/2019	371	Laura Millarengo Casas	X	
8	13/03/2019	412	Lucía Villares Piñón	X	X
	18/03/2019	453	Lucía Villares Piñón (presenta emenda solicitude)		
9	14/03/2019	421	Patricia Calvo Hermida	X	X
10	20/03/2019	467	Raquel Grandal Mouriz	X	X

**CUARTO.-** Consta no expediente informe da funcionaria encargada de padrón no que se fai constar a información relativa á residencia das persoas solicitantes, a efectos de comprobar o requisito establecido no artigo 17 do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, que dispón que “os xuíces de paz deberán residir na poboación onde teña a súa sede o Xulgado de Paz”, co seguinte contido:

“Que, solicitado informe sobre a súa inclusión ou non no Padrón Municipal de Habitantes dos inscritos no proceso para elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto, extráese o seguinte:

NÚMERO	NÚMERO DE REXISTRO	PERSONA SOLICITANTE	EMPADRONADO	
			SI	NON
1	327	María Yolanda Cives Negreira		X

2	330	Patricia Couce de Paz		X
3	331	Tania Couce de Paz	X	
4	332	Francisco Rodríguez Sixto	X	
5	16 (sede electrónica)	Josefina Couce Couce		X
6	17 e 18 (sede electrónica)	Alejandro Criado Casal		X
7	371	Laura Millarengo Casas		
8	412	Lucía Villares Piñón	X	
	453	Lucía Villares Piñón (presenta enmenda solicitude)	X	
9	421	Patricia Calvo Hermida	X	
10	467	Raquel Grandal Mouriz		X

Á vista do exposto, procede a análise unicamente das seguintes solicitudes que cumpren cos requisitos legalmente esixidos:

<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>	<b>SOLICITANTE</b>	<b>MÉRITOS</b>
331	TANIA COUCE DE PAZ	Non presenta méritos
332	FRANCISCO RODRÍGUEZ SIXTO	Título de graduado social diplomado
421	PATRICIA CALVO HERMIDA	Título de enxeñeira técnica agrícola Título de técnica superior en química ambiental Curso de actividades de xestión administrativa Curso de técnica de medio ambiente Curso de difusión da cultura emprendedora Experiencia como xuíza de paz en San Sa-

		<i>durniño nos últimos 4 anos.</i>
453	LUCIA VILLARES PIÑON	<i>Diplomada en relacións laborais</i> <i>Ciclo de xestión administrativa</i> <i>Curso de Posgrado en protocolo, comunicación e imaxe corporativa</i> <i>Curso de dirección de recursos humanos</i> <i>Curso de xestión do tempo</i> <i>Curso de coaching executivo</i> <i>Curso de intelixencia emocional</i> <i>Traballo fin de mestrado sobre lei de igualdade</i> <i>Cursos de igualdade</i>

Á vista dos méritos de cada unha das persoas solicitantes, a formación presentada por Patricia Calvo Hermita e Lucía Villares Piñón é cuantitativamente superior á presentada por Tania Couce de Paz e Francisco Rodríguez Sixto; polo que a priori, gozan dunha mellor posición á hora de desenvolver os postos de que se trata.

A efectos de poder valorar a idoneidade de ambas candidatas, debe terse en conta que unha das aspirantes é a actual xuíza de paz en San Sadurniño, tendo ocupado o cargo nos últimos catro anos. Este feito, supón unha diferenza importante polo coñecemento que implica das funcións a desenvolver e do procedemento relativo á tramitación en dito xulgado de paz.

En base ao exposto, e ás atribucións que me confire a lexislación **vixente PROPOÑO O SEGUINTE ACORDO PARA O SEU DITAME** pola comisión informativa de asuntos do pleno e posterior elevación ao pleno municipal:

**PRIMEIRO.**- Excluir do proceso de elección de xuíz/a de paz titular e substituta/o en San Sadurniño as seguintes solicitudes:

<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>	<b>SOLICITANTE</b>	<b>CAUSA DE EXCLUSIÓN</b>
327	M <sup>a</sup> YOLANDA CIVES NEGREIRA	<i>Incumprimento artigo 17 Regulamento 3/95</i>
330	PATRICIA COUCE DE PAZ	<i>Incumprimento artigo 17 Regulamento 3/95</i>
16 sede electrónica	JOSEFINA COUCE COUCE	<i>Incumprimento do artigo 17 Regulamento 3/95</i>
17 e 18 sede	ALEJANDRO CRIADO CASAL	<i>Incumprimento artigo 17 Regulamento 3/95</i>

<i>electrónica</i>		
371	LAURA MILLARENGO CASAS	<i>Incumprimento artigo 17 Regulamento 3/95</i>
467	RAQUEL GRANDAL MOURIZ	<i>Incumprimento artigo 17 Regulamento 3/95</i>

**SEGUNDO.-** Designar a Patricia Calvo Hermida con documento de identidade 32.691.460-L domiciliada en San Sadurniño, como Xuíza de Paz titular.

**TERCEIRO.-** Designar a Lucia Villares Piñón, con documento de identidade 32.679.512-P domiciliada en San Sadurniño como Xuíza de Paz substituta.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ao Xulgado Decano do Partido Xudicial de Ferrol, ao Xulgado de Paz de San Sadurniño e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

**QUINTO.-** Ordenar a publicación do presente acordo no BOP da Coruña aos efectos oportunos."

Interven brevemente o Sr. Soto para detallar as razóns da proposta favorablemente ditaminada, amosándose o resto dos membros doa Corporación conformes coa mesma.

Rematada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación ordinaria, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade dos dez membros presentes da Corporación.**

**QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.**

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa competente do Concello:

*"Os servizos sociais comunitarios do Concello de San Sadurniño, na súa labor de organizar os recursos cunha perspectiva máis ampla e a longo prazo, que supere o mero enfoque asistencial que os últimos cambios lexislativos lle confiren á Administración Local; teñen realizado un importante traballo para implementar unha perspectiva que permita ao departamento dirixir a súa acción a resolver problemas urxentes pero, á vez, buscar solucións e alternativas de futuro garantindo a igualdade e a xustiza social, nun marco de normalidade e de inclusión.*

*Segundo os criterios técnicos do departamento de servizos sociais, existe a necesidade de regular medidas contra a exclusión social, analizando os sectores máis vulnerábeis e, polo tanto, artellar procedementos ou mecanismos de intervención que permitan loitar por tender pontes a unha igualdade real e efectiva no acceso aos recursos dos servizos sociais implantados; resultando necesario establecer estratexias diferenciadas coa fin de evitar situacións que poñan en risco de exclusión social á poboación.*

*Existe unha proposta de regulamento de emerxencia social para o Concello de San Sadurniño, elaborado polo departamento de servizos sociais que afonda na liña sinalada, permitindo unha mellor atención por parte dos servizos sociais.*

*Á vista do anteriormente exposto, e en base ás atribucións que me confire a lexislación vixente,*  
**PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o Regulamento de Emerxencia Social do Concello de San Sadurniño e os anexos que forman parte do mesmo.*

**SEGUNDO.-** *Comunicar este acordo aos servizos municipais competentes para que procedan a realizar os trámites oportunos para facer efectivo o mesmo*

**TERCEIRO.-** *Ordenar a publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal."*

Interven brevemente o Sr. Soto para indicar que se trata dun asunto que leva xa tempo en preparación e que se trata únicamente de regular o acceso de unidades familiares con problemas económicos a axudas puntuais do Concello, sempre con informe social previo.

As portavoces dos dous grupos da oposición amósanse conformes coa proposta.

Rematada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación ordinaria, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade dos dez membros presentes da Corporación.**

#### **SEXTO.- MOCIÓNS URXENTES.**

O Sr. Alcalde pregunta ós portavoces dos grupos se teñen asuntos que deseen prantexar como mocións para o seu tratamento urxente. Non téndoas, pásase ó debate do seguinte asunto incluído na Orde do Día.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Ningún dos asistentes ten rogos que formular.

A Sra. Trigo pregunta pola posible existencia da mesma partida económica para aglomerado da Avenida Marqués de Figueroa. O Sr. Alcalde resposta que non, que nos dous proxectos cos que se fixo a obra completa figuraban dous tramos distintos das beirarrúas polas que pregunta a Sra. Trigo.

Respecto á mesma obra, pregunta a Sre. Trigo se as beirarrúas cumpren cos requisitos para ser accesibles para persoas con algún tipo de discapacidade, respostando o Sr. Alcalde que estas consultas sería mellor facelas cando se aproban os proxectos, e que no caso desta obra, fíxose con adaptación á realidade física coa que se contaba, e sen acudir a ampliacións do dominio público mediante expropiacións. Dentro destas bases e do orzamento disponible, a obra quedou ben, aínda que algunhas cousas se poden mellorar con posterioridade, como a ubicación dalgúns postes.

Pregunta de seguido a Sra. Trigo se non é excesiva a altura dos protectores que se instalaron para os contedores da recollida selectiva; o Sr. Alcalde resposta que pode ser, pero que eses soportes corresponden a modelos comerciais comprendidos no proxecto desa actuación.



A Sra. Trigo pregunta tamén se os sondeos para captación de auga que está a realizar o Concello contan con autorización de Augas de Galicia. O Sr. Alcalde resposta que as sondaxes non precisan autorización, que son os aproveitamentos os que requiren permisos, e que o Concello ten ó día as autorizacións en materia de augas.

Pregunta de seguido a Sra. Trigo polas sentencias xudiciais relacionadas co expediente disciplinario polo que se sancionou ó funcionario Ángel Barro Sabín, e o pago das costas procesais, xa que as novas publicadas na prensa son confusas e contradictorias e xeran desinformación na xente. O Sr. Alcalde resposta que cada un pode sacar as súas conclusións da lectura da sentenza; o Concello sancionou a ese funcionario e as dúas sentencias existentes ratifican a existencia dunha falta moi grave; a instrutora do expediente tamén foi unha funcionaria, que foi quen propuso a sanción. O funcionario recorreu a sanción e a sentenza confirma a existencia da falta e a corrección do expediente, aínda que modifica sanción de suspensión pola de demérito, que segundo a asesor non se pode aplicar neste Concello. Di finalmente que aínda se pode interpoñer recurso de casación contra a última sentenza.

Antes do remate da sesión, toma a palabra o Sr. Soto, que non ocupará posto de concelleiro na próxima lexislatura, para pronunciar unhas palabras de despedida e agradecemento tras doce anos como membro da corporación.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara rematado o acto cando son as 12:08 horas, de todo o que, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Secundino García Casal

O secretario  
Miguel A. Arroyo Moreno